



# AGRONAUTAS EN ÓRBITA





6º E. INFANTIL

C.E.I.P AGRO DO MUÍÑO CURSO 2025-26



# XUSTIFICACIÓN

DURANTE ESTE CURSO 2025-26, O PROXECTO  DE CENTRO LEVA POR TÍTULO “ MISIÓN AGRO: PROTEXER O UNIVERSO”
O UNIVERSO É UN TEMA QUE PERMITE CONECTAR AO ALUMANDO CO MUNDO QUE OS RODEA AXUDÁNDOLLES A COMRENDER MELLOR O SEU LUGAR NO COSMOS E  A APRECIAR A BELEZA E A COMPLEXIDADE DO UNIVERSO.
O OBXECTIVO PRIORITARIO SERÁ TRATAR DE DESPERTAR NO ALUMNADO A CURIOSIDADE POLO COSMOS  FOMENTANDO A EXPLORACIÓN, A APRENDIZAXE DE CONCEPTOS CIENTÍFICOS BÁSICOS, A SOSTENIBILIDADE DO PLANETA E  O DESARROLLO DE HABILIDADES DE OBSERVACIÓN, CREATIVIDADE E TRABALLO EN EQUIPO.
A PESAR DE QUE A ÁREA PRIOPRITARIA A TRABALLAR SEXA A DE “DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DO ENTORNO”,  DADO O CARÁCTER GLOBALIZADO DA E.INFANTIL, ABORDARANSE CONTIDOS DAS OUTRAS ÁREAS: “ COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE” E “ CRECEMENTO EN HARMONÍA”



# OBXECTIVOS

*FOMENTAR A CURIOSIDADE POLa EXPLORACIÓN DO COSMOS.
*APRENDIZAXE DE CONCEPTOS  CIENTÍFICOS BÁSICOS.
*COÑECER O SISTEMA SOLAR E ALGÚNS ELEMENTOS QUE O FORMAN.
*IDENTIFICAR CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DO PLANETA TERRA.
*RESPECTAR E COIDAR O MEDIO QUE NOS RODEA.
* FREAR O CAMBIO CLIMÁTICO.
*DESARROLLAR ACTITUDES DE PROTECCIÓN E COIDADO CARA O PLANETA TERRA: RECICLAR, AFORRAR AUGA, USAR AS PAPELEIRAS, COIDAR AS PLANTAS, PLANTAS ÁRBORES...



# CONTIDOS



* A CREACIÓN DO UNIVERSO: GALAXIA, CONSTELACIÓNS, PLANETAS...
*A TERRA : O ÚNICO PLANETA NO QUE EXISTE VIDA.
*VOCABULARIO CIENTÍFICO BÁSICO
*PROFESIÓNS RELACIONADAS CO ESTUDIO DO ESPAZO: ASTRONAUTAS, ASTRÓLOGOS, ASTRÓNOMOS....
*REALIZACIÓN DE EXPERIMENTOS SINXELOS: TELESCOPIO, BRÚXULA, SISTEMA SOLAR...
*O CAMBIO CLIMÁTICO.

# ACTIVIDADES

NESTE PEQUENO PROXECTO SOBRE O UNIVERSO PODEDES VER AS DIFERENTES ACTIVIDADES QUE LEVAMOS A CABO SOBRE O COÑECEMENTO DO COSMOS E A SÚA PROTECCIÓN.



# QUE SABEMOS ?



E: “NO  UNIVERSO HAI ALIENÍXENAS”
C: “NO UNIVERSO HAI ESTRELAS, METEORITOS... E COHETES E NAVES ESPACIAIS”
S: “NO UNIVERSO HAI PLANETAS: TERRA, SATURNO, JÚPITER, MARTE,...”
g:”TAMÉN HAI ASTRONAUTAS QUE VIAXAN EN COHETES”
C:” TAMÉN HAI ESTRELAS QUE BRILLAN MOITO”
R:”NO UNIVERSO ESTÁ O SOL, VENUS, SATURNO... E MOITAS , MOITAS ESTRELAS , NAVES E ASTRONAUTAS.”
N: “O UNIVERSO ESTÁ MOI ARRIBA E PARA CHEGAR HAI QUE IR NUN COHETE”.
M:” NO UNIVERSO HAI NAVES ESPACIAIS CON ALIENÍXENAS”.
A:”O UNIVERSO É O ESPACIO DONDE HAI ESTRELAS E PLANETAS”
N: “TAMÉN HAI LÚA NO UNIVERSO”
N:” NO UNIVERSO ESTÁ O NOSO PLANETA TERRA E O SOL”
A:”NO UNIVERSO OS PLANETAS XIRAN E VENSE ESTRELAS E AURORAS BOREAIS”.
C: “ NA LÚA HAI MARCIANOS E BURATOS NEGROS”
P:” A LÚA NON TEN BURATOS NEGROS, TEN CRÁTERES”
X:” A LÚA DA VOLTAS ARREDOR DA TERRA E A TERRA DA VOLTAS ARREDOR DO SOL”.
O: “ NO UNIVERSO TAMÉN HAI ESTRELAS  FUGACES QUE SE VAN MOI RÁPIDO E SE ESCONDEN E CANDO AS VEMOS PODEMOS PEDIR UN DESEO”.
E: “ NO UNIVERSO HAI 8 PLANETAS E UN ENANO QUE É PLUTÓN QUE PODEMOS VER CUN TELESCOPIO”.
A: NO UNIVERSO HAI GALAXIAS E UNHA CHÁMASE  VÍA LÁCTEA”.

# QUE QUEREMOS SABER ?

C: “COMO É UN COHETE DE VERDADE E QUE FAN OS ASTRONAUTAS?
S:”SABER  COMO SON OS PLANETAS DE VERDADE”
G: “COMO SON AS ESTRELA S FUGACES?”
C” COMO SE PODEN VER OS PLANETAS E AS ESTRELAS?”
N:” COMO SE VISTEN OS ASTRONAUTAS E QUE COMEN NA LÚA?”
M:” HAI ALIENÍXENAS DE VERDADE?”
A: “COMO É O SOL?”
N:” CANTAS ESTRELAS HAI?”
N:” COMO É O PLANETA TERRA?”
A:” COMO SON OS BURATOS DA LÚA?”
C:” QUE SON OS BURATOS NEGROS?”
X:” PODEMOS COÑECER UN ASTRONAUTA DE VERDADE?”
P:” COMO É A GALAXIA DA VÍA LÁCTEA?”
E:” POR QUE SE MOVEN TAN RÁPIDO AS ESTRELAS  FUGACES?
N:” DÓNDE HAI AURORAS BOREALES?”



# BENVIDOS Á AVENTURA ESPACIAL, “AGRONAUTAS EN ÓRBITA “!!!






# O NOSO RECUNCHO DO UNIVERSO

**COA COLABORACIÓN E APORTACIÓN DAS FAMILIAS MONTAMOS OS RECUNCHOS DO UNIVERSO**






# TROUXEMOS MOITAS COUSAS DO UNIVERSO...



# APORTACIÓNS BIBLIOGRÁFICAS E OUTRAS!





















# TEMOS UNHAS NOVAS MASCOTAS...

## REX , É A DE 5 ANOS -A




















# CHEGOU NUNHA NAVE ESPACIAL !









FORMITAS

, É A DE 5 ANOS -B

# A  VIAXE VAI COMENZAR… DESPEGAMOS !!!

**@S  NEN@S DE 5  ANOS, ELABORAMOS  UN MURAL PARA O NOSO CORREDOR!**







# QUE É O UNIVERSO ?




























# DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

( 24 DE OUTUBRO)



















# COMO SE CREOU O UNIVERSO ?

**FAI MILLÓNS DE ANOS HOUBO UNHA GRAN EXPLOSIÓN, O ...Big - Bang..... , TODO ARDÍA !**













# UN SAMAÍN ESPACIAL !!!





















NOVEMBRO
MES DA CIENCIA
EN GALEGO NAS
BIBLIOTECAS

# MES DA CIENCIA EN GALEGO

**"EN GALICIA HAI MOITOS CIENTÍFICOS QUE ESTÁN CAMBIANDO O MUNDO PORQUE, EN GALEGO TAMÉN SE FAI CIENCIA !!! "**






NOVEMBRO
MES DA CIENCIA
EN GALEGO NAS
BIBLIOTECAS

# PLANETARIO MÓBIL NO AGRO !!

(18 DE NOVEMBRO)



















FOI MOI INTERESANTE !

# FALADOIRO: "PREPARADOS PARA VIAXAR AO ESPACIO ! "


















**IRENE, A NOSA AVOA CIENTÍCA!**

# FALADOIRO: “MODELANDO O ESPAZO ”
















# AS GALAXIAS

POUCO A POUCO TODO FOI ENFRIANDO E FÓRONSE FORMANDO MILLÓNS E MILLÓNS DE ..................................................




QUE SON VASTAS AGRUPACIÓNS DE ESTRELAS, PÓ E GAS QUE SE MANTEÑEN XUNTAS POLA GRAVIDADE.











# FALADOIRO: " A NOSA PROPIA GALAXIA"













# A NOSA GALAXIA

**NÓS VIVIMOS NUNHA GALAXIA CHAMADA ...........ViA LÁCTEA.......... QUE ESTÁ**

**FORMADA POR NEBULOSAS E ESTRELAS E TEN FORMA DE ...ESPiRAL.......**



ALEJANDRA TROUXO UN ANAQUIÑO DE VÍA LÁCTEA NUNHA BOTELLA !



NUN DESTES BRAZOS ESTÁ O SISTEMA SOLAR !!

# AS ESTRELAS: O SOL



AS ESTRELAS SON GRANDES BOLAS DE LUME QUE BRILLAN CON LUZ PROPIA E DANNOS LUZ E CALOR.
A ESTRELA MÁIS CERCANA A NÓS É O ..... SOL ..........

É O CENTRO DO SISTEMA .... SOLAR ....... E, ARREDOR DEL MÓVENSE OS PLANETAS.

APÓRTANOS:







LUZ

CALOR

# AS CONSTELACIÓNS

**SON GRUPOS DE ESTRELAS CON FORMAS DE ANIMAIS, PERSOAS OU COUSAS, ÁS CALES SE LLES PUXO NOME E SE LLE INVENTAROS HISTORIAS.**



# CONTO: "UN GRAN SOÑO"

**UN CROCODILO QUE ASPIRA A TRASCENDER, A TRAVÉS DO TEMPO E DO ESPAZO, MÁIS ALÓ DA SÚA PROPIA EXISTENCIA NO MUNDO...**



























# OS REIS  MAGOS ERAN ASTRÓLOGOS !



OS **ASTRÓLOGOS** SON AS  PERSOAS QUE ESTUDIAN A POSICIÓN E O MOVEMENTO DOS ASTROS COMO MEDIO PARA PREDECIR FEITOS FUTUROS E COÑECER O CARÁCTER  DAS PERSOAS.



# O SISTEMA SOLAR E OS PLANETAS



**O SOL E TODO O QUE XIRA AO SEU ARREDOR : PLANETAS, SATÉLITES, COMETAS, ASTEROIDES... FORMAN O** ........SISTEMA SOLAR........

**OS** ........PLANETAS........ **SON CORPOS CELESTES E REDONDOS QUE XIRAN ARREDOR DO SOL.**

## CANCIÓN

OITO GLOBOS XIRAN BAIXO O SOL,
E CANDO SOBES, NO TERCEIRO, EU ESTOU.
OITO NOMES VAS TER QUE APRENDER,
POIS O SISTEMA PLANETARIO TES QUE SABER.
E SE CHE É DIFÍCIL ENTENDER ESTA LECCIÓN,
CANTA CONNOSCO ESTA MÁXICA CANCIÓN:
O NOSO PLANETA É A TERRA,
E OS DEMAIS CHÁMANSE:
MERCURIO, VENUS, XÚPITER E MARTE,
SATURNO , URANO, NEPTUNO, OITO SON.











## FIXEMOS UN SISTEMA SOLAR!

# COLABORACIÓN CON 3º DE E.P.



NUNO TROUXO UN QUEBRACABEZAS EN 3D SUPERCHULO PERO TIVEMOS QUE PEDIRLLE AXUDA AOS MAIORES PARA QUE NOS AXUDARAN A MONTALO





# VISITOUNOS UN ALIENÍXENA: "YODA"

**MANU TROÚXONOS A YODA, QUE NOS SEGUÍA POLA CLASE E FÍXOSE AMIGO DA NOSA MASCOTA**











# ENTROIDO ESPACIAL !!!



**FIXEMOS UNHAS CAROUTAS DE ALIENÍXENAS !!!**





# ENTROIDO ESPACIAL !!!



**ESTE ENTROIDO, A COMPARSA DE 6º DE E.INFANTIL FOI DE ...**

**ALIENÍXENAS !!!**








# NOAH NA CIDADE DO ESPACIO !!




**NOAH VISITOU A "CITÉ DE L´ESPACE" EN TOULOUSE (FRANCIA) DONDE CONTEMPLOU O FOGUETE ARIANE 5, ADMIROU OS VEHÍCULOS ESPACIAIS, …. E ATA SALTOU NA LÚA !!!**








# A TERRA: O NOSO PLANETA





*A TERRA É UN PLANETA DO SISTEMA SOLAR

*É O ÚNICO PLANETA ONDE HAI VIDA

*CHÁMASELLE O PLANETA AZUL PORQUE CONTÉN MOITA AUGA

*NAS ZONAS ONDE NON HAI AUGA ATÓPANSE OS CONTINENTES

# A TERRA MÓVESE !



**A TERRA XIRA E XIRA E TEN DOUS MOVEMENTOS:**



## TRASLACIÓN:






## ROTACIÓN:





# “A PAZ É COMO UNHA SEMENTE: SE A COIDAS CON AMOR, MEDRA E ENCHE O MUNDO”














**O 30 DE XANEIRO CELÉBRASE O DÍA ESCOLAR POLA PAZ EN CONMEMORACIÓN DA MORTE DE MAHATMA GANDHI.**








**DONA PAZ É UNHA POMBIÑA QUE VIVE A RENTES DO CEO E EN CANTO O DÍA AMAÑECE VAI PASEAR MOI CEDIÑO, PARA VER AS COUSAS QUE PASAN NO MUNDO...**

# A LÚA: O ÚNICO SATÉLITE NATURAL DA TERRA.



*ESTÁ FORMADA POR PÓ E XEO

*TEN MULTITUDE DE CRÁTERES

*NON TEN LUZ PROPIA; BRILLA POLA LUZ QUE REFLEXA DO SOL.

*SEMPRE TEN A MESMA FORMA PERO, A MEDIDA QUE XIRA ARREDOR DA TERRA,

NO TRANSCURSO DUN MES, PODÉMOLA VER EN 4 FASES:



CHEA | MINGUANTE | NOVA | CRECENTE

# FALADOIRO: “MILO QUERE COLLER A LÚA”















# CONTO: "PACO"




**PACO, UN RATIÑO ENTRAÑABLE VAISE Á LÚA NUN FOGUETE ESPACIAL. PRONTO DESCUBRIRÁ QUE A LÚA NON É DE QUEIXO FRESCO, PERO SI MOI CÁLIDA E MELODIOSA.**










# A MULLER E A NENA NA CIENCIA: OBRADOIRO

















# A CONTA ATRÁS : 3, 2, 1... DESPEGUE !







# ANIMAIS NO ESPAZO




**AO ESPAZO VIAXARON VARIOS ANIMAIS: CANS, MONOS, RATOS E INCLUSO ALGÚNS INSECTOS. FORON ENVIADOS EN MISIÓNS ESPACIAIS PARA ESTUDIAR OS EFECTOS DA GRAVIDADE CERO E DA RADIACIÓN EN ORGANISMOS VIVOS, ANTES DE ENVIAR PERSOAS.**





O PRIMEIRO SER VIVO EN VIAXAR AO ESPAZO

FOI UNHA CADELA QUE SE CHAMABA

LAiKA E QUE VIAXOU NO

SPUTNiK 2





LAIKA, LA PRIMERA ASTRONAUTA

ERA RUSA Y SE LLAMABA **LAIKA**
ELLA ERA UNA PERA MUY NORMAL
PASÓ DE SER UN CORRIENTE ANIMAL
A SER UNA ESTRELLA MUNDIAL.

LA METIERON DENTRO DE UNA NAVE
PARA OBSERVAR LA REACCIÓN.
ELLA FUE LA PRIMERA ASTRONAUTA
EN EL ESPACIO EXTERIOR.

PREPARADO ESTÁ YA EL COHETE PARA
ZARPAR
EL CONTROL EN TIERRA DICE A LAIKA
ADIÓS.
EN LA BASE TODO ERA SILENCIO
ESPERANDO ALGUNA SEÑAL.
TODOS CON LOS CASCOS EN LA OREJA
OYERON A LA PERRA LADRAR.

MIENTRAS EN LA TIERRA UNA GRAN
FIESTA
GRITOS, RISAS, LLANTOS Y CHAMPAGNE
LAIKA MIRABA POR LA VENTANA
QUÉ SERÁ ESA BOLA DE COLOR
Y QUE HAGO YO GIRANDO ALREDEDOR.

PREPARADO ESTÁ YA EL COHETE PARA
ZARPAR
EL CONTROL EN TIERRA DICE A LAIKA
ADIÓS.

UNA NOCHE POR EL TELESCOPIO
UNA NUEVA LUZ APARECIÓ
NADIE PUDO DARLE UNA EXPLICACIÓN
AL ASOMO DEL NUEVO SOL.

Y SI HACEMOS CASO A LA LEYENDA
ENTONCES TENDREMOS QUE PENSAR
QUE EN LA TIERRA HAY UNA PERRA
MENOS
Y EN EL CIELO UNA ESTRELLA MÁS. (Mecano)

# PELÍCULA: "SPACE BUDDIES"




UN PEQUENO PASO PARA UN CAN, UN GRAN SALTO PARA A RAZA CANINA... OS CACHORROS FALADORES DE DISNEY IRÁN A LÚA COA AXUDA DOUTROS AMIGOS ESTELARES. ATRAVESAN O ESPAZO , ESQUIVAN ASTEROIDES....























# NEIL ARMSTRONG: O HOME QUE DEIXOU A SÚA PEGADA NA LÚA







*O PRIMEIRO SER HUMANO QUE PISOU A LÚA

*VIAXOU NO APOLO XI

*ESTIVO NA LÚA DURANTE 4 DÍAS.

*ALÍ DEIXOU A SÚA PEGADA







# VIAXEIR@S DO ESPAZO!

SON HOME OU MULLER,
GÚSTAME MOITO VIAXAR
A LUGARES MOI AFASTADOS
ONDE NON SE CHEGA
CON COCHES, TRENS,
AVIÓNS OU BARCOS.

COLOREA BEN A IMAXE
E DESCUBRIRÁS O PERSONAXE!








# FALADOIRO DE CARMEN E BELÉN: "VERA  ASTRONAUTA"






















**VERA É UNHA NENA BRILLANTE E SUPERA TODAS AS PROBAS, PERO HAI ALGÚNS NENOS DA SÚA CLASE QUE PENSA QUE UNHA NENA NON DEBERÍA SER ASTRONAUTA, E FARÁN TODO O QUE SEXA PARA IMPEDIRLLO... CONSEGUIRÁ VERA VIAXAR A MARTE?**



# DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

## 23 DE FEBREIRO














# ESTRELA ROSALÍA DE CASTRO



**0 17 DE DECEMBRO DE 2019 A UNIÓN ASTRONÓMICA INTERNACIONAL (IAU) ASIGNA A ESTRELA HD149143, UNHA ESTRELA ANANA AMARELA PARECIDA AO SOL E SITUADA A 240 ANOS LUZ NA CONSTELACIÓN DE OFIÚCO , O NOME DE "ROSALÍA DE CASTRO"**









# MULLERES QUE CHEGAN ÁS ESTRELAS !!

8 MARZO día da muller
VIVIR A DIFERENZA
GARANTIR A IGUALDADE




NÓS TAMÉN CHEGAREMOS ALTO...






























# SON CAPAZ, SON FORTE, SON IMPORTANTE !!















# SEMANA DA PRENSA NA ESCOLA

## ( 9 AO 12 DE MARZO)



La Voz de Galicia

SOCIEDAD Exclusivo suscriptores

### Galicia, un lugar único para ver el eclipse total de Sol: las claves del acontecimiento astronómico de nuestras vidas

XAVIER FONSECA



Simulación de un eclipse total de sol · NASA

El 12 de agosto la comunidad gallega será el primer territorio de España en observar cómo la Luna oculta por completo el Sol

**12 ene 2026** . Actualizado a las 15:15 h.



# DÍA DA POESÍA

( 21DE MARZO)












# “UN  UNIVERSO DE LIBROS EN ABRIL”

**O ALUMNADO DE E. INFANTIL FOI O ENCARGADO DA ELABORACIÓN DO MURAL CONMEMORATIVO DO CENTRO.**
**@S DE 5 ANOS FIXEMOS UNHA GALAXIA CHEA DE LIBROS!**





















**E TAMÉN UNS FERMOSOS MARCAPÁXINAS ONDE ATRAVÉS DE CÓDIGOS QR SE PODEN VER OS CONTOS QUE TRABALLAMOS NO ITINERARI LECTOR!**

# ARTEMIS II






ARTEMIS II É UNHA MISIÓN ESPACIAL DE **SOBREVOO LUNAR** LIDERADA POLA **NASA**.

É O 2º VOO DE **VEHÍCULO SLS** E A 1º MISIÓN TRIPULADA DA NAVE ESPACIAL ORIÓN

***LANZAMENTO:** 1 DE ABRÍL DE 2026

ÁS 22:35H

***TRIPULANTES:**

CHRISTINA KOCH

REID WISEMAN

VICTOR GLOVER

JEREMY HANSEN

***ATERRIZAXE:** 10 DE ABRIL, NO OCÉANO PACÍFICO.









# DÍA DO LIBRO

( 23 DE ABRIL)




**ESTE SINXELO RELATO NARRA A HISTORIA DUN NENO, O PRINCIPIÑO, QUE VIAXA POLO UNIVERSO ADQUIRINDO SABIDURÍA.**

















**ESTA NOVELA TRADUCEUSE A CENTOS DE IDIOMAS E VENDEU UNS 200 MILLÓNS DE EXEMPLARES EN TODO O MUNDO, CONVERTÍNDOA NUN DOS LIBROS MÁIS VENDIDOS DA HISTORIA.**

# DÍA MUNDIAL DA TERRA (22 DE ABRIL):
# "QUE LLE PASA AO PLANETA?"




O PLANETA DESPERTOU UNHA MAÑÁ CON PICORES POR TODAS PARTES... CANDO EMPEZOU A RASCARSE POR AQUÍ E POR ALÁ OS HABITANTES NON ENTENDÍAN NADA... ESTABAN DESCONCERTADOS. AO FIN @S NEN@S PARARON A ESCOITALO... OCORRERÁSELLES ALGUNHA IDEA PARA AXUDAR AO PLANETA?














# FALADOIRO: “XOGANDO CO UNIVERSO”
















# VISITA AO OBSERVATORIO ASTRONÓMICO RAMÓN Mª ALLER-USC E Á CASA DAS Cª DE A CORUÑA







**ESTAS VISITAS ESTÁN PROGRAMAS PARA MAIO E XUÑO COMO PECHE DO PROXECTO.**